



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).



Documento elaborado polas traballadoras sociais da UTS Fontiñas e Programa municipal socioeducativo (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios), recollendo a información facilitada polos restantes profesionais pertencentes á rede comunitaria (incorporada na web www.compostelaintegra.org) e que se corresponden coas seguintes entidades: Servizos Sociais Comunitarios – Programa de Prevención, Centro de Saúde de Fontiñas, IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas, CEIP Monte dos Postes, Cáritas Parroquial das Fontiñas, Programa de atención a familias "Abeiro", Cruz Vermella, Fundación Secretariado Gitano, Asemblea de Cooperación pola Paz e Centro de Día Arela, colectivo Barriopía.



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

✚ **14 de xaneiro de 2016:** Incorpórase á web compostela integra información relativa á convocatoria da Tarxeta Benvida, axudas económicas para evitar cortes nos subministros eléctricos e ticket eléctrico.

✚ **25 de xaneiro de 2016:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. Asisten: Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde; traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais Comunitarios); educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); técnico de prevención da UMAD; orientadora IES Antonio Fraguas; Orientador CEIP Monte dos Postes; Orientadora CEIP Fontiñas; educadora do Programa de atención a Familia Abeiro; técnico de Xuventude de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; traballadora social do centro de saúde de Fontiñas; técnico de Asemblea de Cooperación pola Paz; coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, membros do colectivo "Barriopía" e técnicos da USC. Abórdanse as seguintes cuestións:



1. Información da avaliación do Proxecto comunitario "A nosa vida... en positivo" 3ª edición.

A traballadora social informa da análise cuantitativa e cualitativa dos datos obtidos das avaliacións das actividades realizadas dentro deste proxecto. Os datos cuantitativos reflexan puntuacións elevadas das actividades implementadas tanto pola Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES) como a de "As mulleres como motor de cambio" (ONG "Implicadas no Desenvolvemento" e de Atalaya social). Pendente para a vindeira xuntanza comunitaria a análise mais pormenorizada do mesmo.

2. Seguimento sobre o proxecto comunitario a implementar nos vindeiros meses. Aportacións de Barriopía.

Presentación por parte deste colectivo do proxecto destinado aos grupos de 6º de Primaria dos centros educativos CEIP Fontiñas (previsión inicial de 30 alumnos) e CEIP Monte dos Postes (previsión inicial de 50 alumnos), así como os 1º de ESO do IES Antonio Fraguas (previsión inicial de 120 alumnos). O proxecto abrangue as seguintes actuacións: mesa redonda



cuxa finalidade é a toma de conciencia sobre os dereitos dos animais é a prevención do maltrato animal. Nesta mesa redonda colaborarán Greenpeace Santiago, pendente de confirmación de asistencia de Fundación Abeiro (protectora que colabora co Refuxio de Bando) e unha experiencia sobre o tráfico de especies animais. Data prevista de realización 16 de marzo de 11:00 a 13:30 horas, no Centro Sociocultural das Fontiñas. A maiores, existe unha proposta de saída a Tapia (Burroterapia) para os centros educativos. Pendente de determinar por parte destes últimos. O colectivo Barriopía, en colaboración con unha psicóloga, ofertará a posibilidade dunha formación extraescolar de carácter voluntario, mediante a creación dun taller de vídeo, para empatizar coa vida dun animal.

3. Presentación do Programa "PROMOCIONA" por parte da Fundación Secretariado Xitano. Este programa ten como obxectivo acadar que os xóvenes de etnia xitana rematen os estudos obrigatorios e continúen estudando.

A coordinadora da Fundación presenta o programa: O fin último é a obtención do graduado en ESO. Destinatarios: alumnado da última etapa de Primaria e grupos da ESO. Características da poboación destinataria: non ter un desfase curricular de máis de dous anos, e presentar unha asistencia escolar do 80% como mínimo. Valoraranse casos excepcionais. Require da sinatura dun acordo entre familia/alumno, centro educativo e Fundación. Están asignados a este proxecto dous profesionais: un orientador laboral a xornada completa e un profesor de aula contratado 10 horas á semana. Levará a cabo un traballo individual co alumno máis un apoio a nivel de aula. Participación de alumnado de etnia non xitana limitado ao 20% do total. A ratio de alumnado por orientador é de 25 rapaces. Inicio actividade dende o 1 de Febreiro o orientador laboral e dende Abril o profesor de aula. Valoran que este programa encaixa con programas propios dos centros educativos: PROA. No CEIP Fontiñas e CEIP Monte dos Postes non dispoñen deste recurso.

4. Presentación por parte de Asemblea de Cooperación pola Paz dos vídeos das seguintes actividades comunitarias: A nosa vida..., en positivo? 2ª Edición, e Trócame-Roque, 3ª Edición.



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

Lévase a cabo unha visualización de ambos vídeos, realizándose as seguintes propostas de mellora: necesidade de identificar o proxecto no cal se enmarcan estas actividades que se levaron a cabo a través destes vídeos. Os logos que deben estar presentes son: AGARESO, IES Antonio Fraguas, Concello de Santiago de Compostela e o logo do Barrio de Fontiñas.

Anunciarase os vídeos dende a rede www.compostelaintegra.org

A orientadora do IES Antonio Fraguas solicita modificar a páxina Compostela INTEGRA (incorporando vídeos, bibliografía de imaxes, etc.), dada a súa capacidade limitada para subir documentos multimedia. A Concellería de Políticas Sociais vai estudar este tema.

5. Outras cuestións que se considera oportuno tratar dende o eido comunitario.

- A coordinadora do Cento de día Arela informa do contido da entrevista mantida con FIADEIRAS; expón que non realizan obradoiros de formación e plantexa a posibilidade de que poidan participar nas xuntanzas de Barrio; acórdase que se convocará ao grupo FIADEIRAS á vindeira xuntanza; acórdase a non participación dos Colexios Profesionais.

- A orientadora do IES, informa da participación do vídeo Fraguando a diversidade 2ª Edición nun concurso.

- Dende Barriopía informa da realización da 1ª Comparsa do Barrio de Fontiñas o día 6 de febreiro de 2016. Os obradoiros para a realización dos cabezudos serán o 28 de xaneiro e o 2 de febreiro, previa inscrición e pago de 3€ para materiais, dirixido a poboación en xeral.

✚ **6 de febreiro de 2016:** Incorpórase á web [compostelaintegra](http://compostelaintegra.org) información relativa á Comparsa de Antroido das Fontiñas. Ofertáronse uns obradoiros para xente allea á Aula de xogo, para facer os cabezudos cos que desfilaremos o día 6. Na Aula de xogo xa hai uns 25 cabezudos feitos. Os máis pequenos levarán outro tipo de elementos como orellas ou cornos, feitos coa mesma técnica.



A participación o día da comparsa é libre, traendo os disfraces da casa. A temática



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

é a fauna que habitou ou habita o barrio: porcos, xabaríns, paxaros, mouchos, lobos... A comparsa baixará ata Area Central e percorrera o piso de abaixo do Centro Comercial. Sairemos de novo pola rúa de Berlín e voltaremos ao CSC. A comparsa estará amenizada por músicos de Alfaia, e logo no CSC haberá actuacións, chocolatada, biscoitos e comida aportada polos veciños e mercadiño solidario.

- ✚ **27 de xaneiro de 2016:** Incorpórase á web compostelaintegra información relativa á Memoria de actividades da rede comunitaria no ano 2015.
- ✚ **12 de febreiro de 2016:** Incorpórase á web compostelaintegra información relativa á charla informativa que dará a Fundación Secretariado Xitano para todas as persoas interesadas na formación Acceder.
- ✚ **15 de febreiro de 2016:** Incorpórase á web municipal compostelaintegra información relativa ó concurso Arela " O Reto do Acoso Escolar". A Asociación ARELA e a Fundación Barrié convocan un Concurso "2016: O reto do acoso escolar" (musical e audiovisual) que, dirixido aos alumnos e alumnas de ESO, Bacharelato, Formación Profesional Básica e Ciclos Medios de Formación Profesional dos centros educativos de Galicia, pretende que os e as participantes reflexionen e cren mensaxes claras de freo ós problemas derivados do acoso escolar. Ten coma obxectivo fundamental implicar á adolescencia galega na loita contra calquera tipo de acoso escolar nos centros educativos de Galicia.
- ✚ **22 de febreiro de 2016:** No IES Antonio Fraguas do Barrio de Fontiñas, tivo lugar a presentación do proxecto "EU RESPECTO", unha campaña de sensibilización para a igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGTBI (lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais).
- ✚ **22 de febreiro de 2016:** Incorpórase á web compostelaintegra a avaliación do III proxecto comunitario "A nosa vida..., en positivo?", implementado en decembro de 2015.
- ✚ **23 de febreiro de 2016:** Incorpórase á web compostelaintegra información relativa ao programa "Benestar en Balnearios".



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

✚ **7 de marzo de 2016:** Xuntanza de barrio de Fontiñas. Asisten: Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde; traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); técnico de prevención da UMAD; orientadora IES Antonio Fraguas; Orientadora CEIP Fontiñas; educadora do Programa de atención a Familia Abeiro; técnico de Xuventude de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; técnico de Asemblea de Cooperación pola Paz; coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, membros do colectivo "Barriopia". Abórdanse as seguintes cuestións:



- o Información global dos resultados do Proxecto " A nosa vida, en positivo?", 3ª edición.
A traballadora social informa da análise cuantitativa e cualitativa dos datos obtidos das avaliacións das actividades realizadas dentro deste proxecto. Os datos cuantitativos reflexan puntuacións moi elevadas das actividades implementadas pola Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES), sobre todo no referido á exposición realizada polas persoas que acudiron do Centro Penitenciario Pereiro de Aguiar. A memoria está subida a rede compostela integra.
- o Evolución das xestións relativas ó proxecto "Que animalada".
Afóndase no tratado con anterioridade sobre este proxecto e concretando as actividades que conforma este. Participación no proxecto dun total 179 alumnos/as procedentes dos centros educativos do barrio: centros educativos CEIP Fontiñas (19 alumnos/as de 6º de Primaria), CEIP Monte dos Postes (45 alumnos/as de 6º de Primaria) e os primeiros da ESO do IES Antonio Fraguas (115 alumnos/as). O proxecto abrangue as seguintes actuacións:
 - Unha sesión expositiva-infomartiva, cuxa finalidade é a toma de conciencia sobre os dereitos dos animais e a prevención do maltrato animal desde idades temperás. Nesta mesa redonda colaborarán Geenpeace Santiago, a Fundación Abeiro (protectora animalista que



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

colabora co Refuxio de Bando), e unha experiencia sobre o tráfico de especies animais, aportada por Diego Vázquez Miramontes (Veterinario e Educador ambiental). A data de realización será o 16 de marzo de 11:00 a 13:30 horas, no CSC de Fontiñas.

- As actividades continuarán cunha saída “Ó fogar do meu burro” (Burroterapia) para os centros educativos, na que se propiciará o contacto dos/as menores co medio natural e con estes animais para interiorizar os contidos tratados con anterioridade. Datas de realización o 17 e 18 de marzo; o día 17 acudirá o alumnado do IES Fontiñas e o día 18 acudirá o alumnado do CEIP Monte do Postes e CEIP Fontiñas.
- Barriopía, en colaboración cunha psicóloga, ofertarán a posibilidade de “Videocreación”, unha experiencia audiovisual que fusiona a sensibilización coa expresión dos cativos/as en prol da defensa da integridade dos animais. Ten como finalidade empatizar coa vida dun animal ao tempo que se traballan sentimentos, emocións, dereitos,.. Promoverase a existencia dun feedback no proceso para acadar o reforzo educativo desexado. Unicamente poderán participar neste proxecto 10 participantes e terá un carácter de actividade extraescolar. Quedan en subir o proxecto á rede INTEGRA. Esta actividade está pendente de aprobación.

o Conmemoración do Día Internacional do Pobo Xitano.

A traballadora social informa de que varias familias do barrio se acercaron aos Servizos Sociais Comunitarios cun claro interese de conmemorar o día 8 de abril (Día Internacional do Pobo Xitano), demandando apoio para a súa realización ao igual que se celebran outras actividades comunitarias. Plantexamento de actividades:



- “A voz dos maiores do barrio”: concebida como unha acción interxeneracional que recolla a traxectoria e evolución das familias xitanas asentadas no barrio das Fontiñas, como foi a súa experiencia, relatos vitais... A presentación terá lugar mediante un



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

vídeo realizado por Barriopía. Precisarán material audiovisual que será cedido pola Rede Comunitaria.

- Unha segunda parte que analice o tempo presente, versará sobre a actualidade da poboación adulta do barrio, para a exposición desta preténdese contar coa presenza de ambos xéneros (home-muller), cun criterio de igualdade.

- Continuaría con "Novos tempos", en vinculación ó futuro da poboación do Barrio das Fontiñas, as súas posibilidades, fortalezas, etc., e ó camiño cara a interculturalidade.

- Por último, tería lugar unha actuación musical (Pendente de confirmación).



Promoverase a participación e a presenza dos diferentes troncos familiares representativos e presentes no barrio.

O Concello de Santiago de Compostela, préstase a promover e a difundir a iniciativa, coa posibilidade de crear unha recepción ademais de contar coa presenza do alcalde ou dalgún dos concelleiros/as. A concelleira préstase a realización dunha rolda de prensa para difusión deste evento. Data de realización: o día 8 de abril, en xornada de tarde ,de 17 a 19 horas no CSC de Fontiñas.

o Inicio das actuacións para o IV Mercadiño Solidario "Trócame-Roque".

Area Central manifesta o seu interese pola realización desta actividade.

Establecese como posible data de realización, o venres 20 de maio de 2016, en horario de tarde no CC Área Central, ubicándose no mesmo espazo que na súa primeira edición. Participarán as entidades pertencentes á rede Comunitaria as Fontiñas. As posibles finalidades do mercadiño serán:

- Dotación de becas infantís.
- Exponse a posibilidade de intentar destinar ó banco de libros as doazóns sobrantes.

Acordase iniciar a difusión desta actividade nos centros educativos. Necesidade de revisar a folha de inscrición na que se recollan as achegas realizadas na anterior edición que faciliten a súa comprensión. Quedan



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

encargadas de realizar esta acción a educadora do programa municipal socioeducativo e a coordinadora do Centro de Día Arela. Acórdase que as porcentaxes de doazón serán do 50% para os cativos/as participantes, mentres que o 50% restante para a causa social que se determine para o 2016. As actividades lúdicas contempladas para esta edición serían as seguintes:

- Cruz Vermella, realizará obradoiros de maquillaxe, dinámicas de ocio grupal participativas, etc. Coméntase a posibilidade de realizar algún taller interxeneracional.
- Dende o Programa municipal de prevención preténdese realizar talleres de grafiti, customización de gorras e a posibilidade de contar cunha exhibición de BMX ou patinaxe dentro do recinto. Queda pendente a actividade do breakdance, unha actividade moi exitosa con anterioridade.
- A Fundación do Secretariado Xitano, ofrécese a colaborar mediante a creación dunha actuación musical (pendente de confirmación).
- O Colectivo Barriopía aínda non estableceu ningunha actividade concreta queda en estudar esta posibilidade.

o Outras cuestións que se considera oportuno tratar dende o eido comunitario.

- O Colectivo Barriopía expón o seu interese por organizar no barrio o festival "Primaveriñas" (23 de abril de 2016). As principais actividades serán obradoiros medioambientais para a infancia, torneos de xogos tradicionais, "calceta urbana", coñecementos sobre a creación do barrio, un xantar popular e finalmente, concertos para cerrar a actividade.
- A Fundación do Secretariado Xitano (FSX), celebrará novamente unha xornada de portas abertas o día 10 de xuño.
- Dende a Concellería de Políticas Socias, Diversidades e Saúde, quérese promover o regreso das ANPAS ás xuntanzas de barrio. De tal xeito que se convocarán as ANPAS do CEIP Fontiñas e Monte dos Postes e o IES Antonio Fraguas para a vindeira xuntanza.
- A concelleira propón a posibilidade de realización dunha xornada de orientación sobre a diversidade sexual, dirixida ós centros educativos (contando tamén coa presenza as ANPAS) e ás familias inmersas nos procesos educativos dos seus fillos/as. Crearíanse así, diversas xornadas de formación ó redor desta temática. Esta semana informativa-divulgativa, podería celebrarse desde o 23 ó 27 de maio (pendente de confirmación).



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

- ✚ **8 de marzo de 2016:** Incorpórase á web compostelaintegra información relativa ao Programa de Conciliación do Concello de Santiago de Compostela que se celebrará durante as vacacións de Semana Santa.

- ✚ **14 de marzo de 2016:** O Concello de Santiago de Compostela asina un convenio de colaboración coa Consellería de Política social da Xunta de Galicia e a Fundación La Caixa para o desenvolvemento do Programa CaixaProinfancia nun barrio desta cidade.



- ✚ **16 de marzo de 2016:** Implementación do proxecto comunitario “Que animalada!”: sesión expositiva-infomartiva impartida no Centro Sociocultural das Fontiñas, cuxa finalidade é a toma de conciencia sobre os dereitos dos animais e a prevención do maltrato animal desde idades temperás. Nesta mesa redonda colaboran Geenpeace Santiago, a Fundación Abeiro (protectora animalista que colabora co Refuxio de Bando), e unha experiencia sobre o tráfico de especies animais, aportada por Diego Vázquez Miramontes (Veterinario e Educador ambiental). Participación dun total 179 alumnos/as procedentes dos centros educativos do barrio: centros educativos CEIP Fontiñas (19 alumnos/as de 6º de Primaria), CEIP Monte dos Postes (45 alumnos/as de 6º de Primaria) e os primeiros da ESO do IES Antonio Fraguas (115 alumnos/as).



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2016).



- ✚ **17 de marzo de 2016:** 2ª actividade do proxecto "Que animalada!". Saída "Ó fogar do meu burro" (Burroterapia) do IES Antonio Fraguas, na que se propicia o contacto dos/as menores co medio natural e con estes animais para interiorizar os contidos tratados con anterioridade. Total alumnado: 115.



- ✚ **18 de marzo de 2016:** A anterior actividade anúlase para os centros de primaria por mor das condicións metereolóxicas.



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

- ✚ **23 de marzo de 2016:** Incorpórase á web compostelaintegra información relativa ao programa de Balnearios convocatoria 2016.

- ✚ **4 de abril de 2016:** Xuntanza de barrio. Asisten: Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde; traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); técnico de prevención da UMAD; orientadora IES Antonio Fraguas; Orientadora CEIP Fontiñas; Orientadora CEIP Monte dos Postes, educadora do Programa de atención a Familia Abeiro; técnico de Xuventude de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; técnico de Asemblea de Cooperación pola Paz; coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, membros do colectivo “Barriopia” e representante da ANPA do CEIP Fontiñas (Natalia Poncela). Abórdanse as seguintes cuestións:
 - o **Avaliación cualitativa do proxecto comunitario “Que animalada”.**
Realízase por parte de diferentes membros da xuntaza valoración da actividade:
 - i. *Orientadora IES Antonio Fraguas:* realiza unha valoración moi positiva da actividade, organización e desenvolvemento. Destaca o beneficioso das condicións climatolóxicas para a súa realización. Refire que o alumnado valora moi positivamente esta acción, están traballando en devolver unha resposta ao encargado da granxa, sobre o que significou para eles. Dado o exposto van instaurar esta actividade para os vindeiros cursos como propia do centro. En canto a avaliación expón como novas demandas do alumnado: igualdade de xénero, bullying, medio ambiente, videoxogos,...
 - ii. *Orientador CEIP Monte Dos Postes e CEIP Fontiñas;* non puideron realizar a actividade dadas as condicións climatolóxicas, refire a déficits graves da organización e coordinación entre os centros e o colectivo Barriopia. En canto o Obradoiro refiren un discurso lineal e extenso.
 - iii. *“Proxecto de Videocreación”:* O técnico de prevención municipal informa que se atopa en trámites administrativos. Pendente de demanda de alumnado; os orientadores informan unha escasa demanda nos centros educativos. A técnico de Cruz Vermella propón como alternativa o grupo de rapaces de mediación (de 6 de



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

primaria e 1º da ESO) para o cal van difundir a actividade. A concelleira valora positivamente esta alternativa.

o **Información sobre as actividades previstas para a conmemoración do Día Internacional do Pobo Xitano no barrio de Fontiñas.**

A traballadora social municipal informa das actividades programadas para o día 8 de abril no CSC das Fontiñas:

Dende a UTS facilítanse carteis divulgativos da actividade; a Concelleira propón incluír no cartel: "Día Internacional do pobo xitano". A orientadora do IES tratará de realizar estes cambios na medida do posible, pois na anterior xuntanza de barrio xa se presentara o cartel e fora aprobado. A Concelleira confirma que será ela quen inaugure o acto e o Alcalde realizará o peche da actividade. Estrutura dos actos do Día Internacional do Pobo Xitano no barrio de Fontiñas:

- o 17 h: Inauguración do acto a cargo da Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, Dona Concepción Fernández Fernández.
- o 17,15 h: Presentación do Día Internacional do Pobo Xitano a cargo de Dona Esmeralda G. G.
- o 17,25 h: Proxección do vídeo "A voz dos nosos maiores: ONTE (ACHETÉ)". Vídeo gravado polo colectivo Barriopía, que pretende plasmar as historias de vida de varias veciñas e veciños do barrio (de onde proceden, como chegaron ao municipio, que lembran do pasado, ...). Participan no vídeo:
 - Entrevistas realizadas por Dona Esmeralda G. G..
 - Persoas entrevistadas:
 - Dona Piedad J. J..
 - Dona Antonia C..
 - Don Fortunato J. J..
 - Dona Pilar J. R.
 - Don Enrique F. F..
 - Tamén participa no vídeo, Dona Mercedes J. J., narrando a historia do pobo xitano.
- o 17,45: Mesa redonda "O noso presente: HOXE (ACHIBÉ)". Presentada e moderada por Dona Mercedes J. J. Participan na mesma:
 - Don Ricardo J. J.
 - Dona Pilar C. M.





**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

- o 18,05: Mesa redonda "Novos tempos: MAÑÁ (CALLICÓ)". Presentada e moderada por Dona Mercedes J. J. Participan na mesma:
 - Dona Raquel F. F.
 - Dona María del Carmen H. J.
 - Dona María del Carmen M. L.
- o 18,30: Clausura do Día Internacional do Pobo Xitano a cargo do Alcalde de Santiago de Compostela, Don Martiño Noriega Sánchez.
- o 18,45 h: Actuación musical, organizada por Don Diego J. J. Participan:
 - Don Isaias S.: baile.
 - Don Samuel F.: guitarra.
 - Don Aarón H.: percusión.
 - Don Rafi J.: cante.
- o 19 h: Ágape, a cargo do Concello de Santiago de Compostela.

o Programación do IV Mercadiño Solidario "Trócame-Roque".

Agradecemento a ANPA do CEIP Fontiñas a súa presenza, informásele en que consiste o mercadiño solidario e a súa data de realización día 20 de maio en xornada de tarde en Area Central.

A coordinadora da Fundación Secretariado Xitano propón a necesidade de concretar o espazo de realización. Acórdase solicitar un escenario así como limitar o número de postos en función do espazo elixido tomando como referencia a anterior edición.

Tarefas:

- o A coordinadora de Arela e a educadora social municipal revisarán a solicitude de inscrición.
- o A orientadora do IES Antonio Fraguas realizará o cartel divulgativo.

Acórdase como período de inscrición do 18 ao 11 de maio.

A orientadora do IES Antonio Fraguas exponlle aos orientadores dos centros de primaria como traballar e divulgar a actividade nos respectivos centros educativos.

A técnico de Cruz Vermella informa que do anterior mercadiño existen **945 €** de fondo, obrantes na súa entidade. Por tal motivo, acórdase a apertura dos fins ao que se destinar:

- o Mantense financiar material de Ensino Infantil, por ser un etapa de escolarización non apoiada con fins públicos ata a data.
- o Colaborar cos bancos de libros dos tres centros educativos do barrio.
- o Destinar a un fin socioeducativo con interese social no barrio.



Actividades inicialmente previstas para o mercadiño:

- UMAD: graffiti, break, obradoiro de gorras, skate, .. pendente de aprobación.
- Cruz Vermella: obradoiros de maquillaxe,...

Unha vez se dispoña da solicitude de inscrición e do cartel farase chegar aos diferentes membros da rede e as ANPAS a través da web compostelaintegra.gal

A Concelleira propón a posible rolda de prensa para semana do 18 de maio.

o **Outras cuestións que se consideren convintes abordar dende a óptica comunitaria**

- o A Concelleira propón volver a convidar a este espazo comunitario ao centro IES AS FONTIÑAS. A educadora social municipal realizará este xestión.
- o A Concelleira presenta a actividade de: "Diversidades sexuais" demanda realizada pola Federación de ANPAS. Indica que o día 17 de maio é o Día das Diversidades Sexuais pero tendo presente a carga de actividades para esas datas: conmemoración do Día das Letras Galegas, mercadiño solidario..., propón a semana do 23 o 27 de maio para a realización de actividades destinadas para os 5º e 6º de primaria e para os 1º e 2º da ESO dos centros educativos da cidade. O CEIP Monte dos Postes acepta a implementación destas accións no seu centro; a orientadora do CEIP Fontiñas realizará consulta no seu centro educativo. A actividade consta dunha única sesión consistente no visionado dun corto e logo a realización dun foro sobre identidade sexual, diversidade,... Pode complementarse con outra acción a demanda dos centros consistente na realización dun mural: "*Raros somos todos*". A ANPA do CEIP Fontiñas propón que esta formación se estenda o profesorado. O IES Antonio Fraguas acepta a actividade para 2º da ESO.
- o A orientadora do IES Antonio Fraguas propón a implicación do departamento de educación nestas accións.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2016).

- ✚ **7 de abril de 2016:** Encontro das traballadoras sociais e da educadora social do Punto de atención de Servizos Sociais en Fontiñas con alumnado de Educación Social da USC. Motivo: explicar o funcionamento dos Servizos Sociais comunitarios e, en concreto, do PASS Fontiñas. Tívoise a oportunidade de explicar as dinámicas comunitarias do barrio. Remátase a actividade coa proxección do vídeo "En rede", elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas, coas aportacións das traballadoras sociais do PASS Fontiñas. Clausura o encontro a Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde.



- ✚ **8 de abril de 2016:** No IES Antonio Fraguas, coloquio con Don Marcos Rodríguez Pantoja, o "neno salvaxe" que viviu con lobos dende os 7 ós 19 anos. A actividade foi dirixida ao alumnado de 1º de Bacharelato.



- ✚ **8 de abril de 2016:** Conmemoración do Día Internacional do Pobo Xitano. Asisten un total de 240 persoas (superando o previsto inicialmente: 100). Actividades:

- o 17 h: Inauguración do acto a cargo da Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, Dona Concepción Fernández Fernández.
- o 17,15 h: Presentación do Día Internacional do Pobo Xitano a cargo de Dona Esmeralda G. G.
- o 17,25 h: Proxección do vídeo "A voz dos nosos maiores: ONTE (ACHETÉ)". Vídeo gravado polo colectivo Barriopía, que pretende plasmar as historias de vida de varias veciñas e veciños do barrio (de onde proceden, como chegaron ao municipio, que lembran do pasado, ...). Participan no vídeo:
 - Entrevistas realizadas por Dona Esmeralda G. G..
 - Persoas entrevistadas:
 - Dona Piedad J. J..
 - Dona Antonia C..
 - Don Fortunato J. J..
 - Dona Pilar J. R.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2016).

- Don Enrique F. F..
 - Tamén participa no vídeo, Dona Mercedes J. J., narrando a historia do pobo xitano.
- o 17,45: Mesa redonda "O noso presente: HOXE (ACHIBÉ)". Presentada e moderada por Dona Mercedes J. J. Participan na mesma:
 - Don Ricardo J. J.
 - Dona Pilar C. M.
- o 18,05: Mesa redonda "Novos tempos: MAÑÁ (CALLICÓ)". Presentada e moderada por Dona Mercedes J. J. Participan na mesma:
 - Dona Raquel F. F.
 - Dona María del Carmen H. J.
 - Dona María del Carmen M. L.
- o 18,30: Clausura do Día Internacional do Pobo Xitano a cargo do Alcalde de Santiago de Compostela, Don Martiño Noriega Sánchez.
- o 18,45 h: Actuación musical, organizada por Don Diego J. J. Participan:
 - Don Isaias S.: baile.
 - Don Samuel F.: guitarra.
 - Don Aarón H.: percusión.
 - Don Rafi J.: cante.
- o 19 h: Ágape, a cargo do Concello de Santiago de Compostela.



Fase preparatoria.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).



IMAXES DA XORNADA



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2016).



- ✦ **18 de abril de 2016:** Xornada Europea de Información Xuvenil - MUPEGA (Museo Pedagóxico de Galicia). Superando o medo escénico de falar ante un público numeroso e adulto, alí estiveron rapaces e rapazas do equipo de mediación e do programa "correspondentes" do IES Antonio Fraguas. Falaron sobre igualdade e violencia de xénero na adolescencia dende a súa propia óptica.



- ✦ **18 de abril de 2016:** A psicopedagoga Andrea Valcárcel ven de doutorarse cunha cualificación de sobresaínte cum laude na USC. A súa tese baséase no traballo levado a cabo, ó longo de varios cursos, no IES Antonio Fraguas co programa "Mellora" de habilidades socioemocionais e prevención do acoso escolar. Iniciou a súa colaboración a partir dun contrato do Concello de Santiago para desenvolver un programa alternativo ás expulsións. Acabado éste, a orientadora e ela crearon o programa MELLORA no que se abren as intervencións a dous perfís de alumnado: por un lado o disruptivo, polo outro, ó alumnado vítima de acoso. Igualmente





traballouse en obradoiros que implicaron ó grupo de aula (espectadores pasivos) ó profesorado e ás familias.

✚ **20 de abril de 2016:** Xuntanza de barrio (convocatoria extraordinaria). Asisten: traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); técnico de prevención da UMAD; orientadora IES Antonio Fraguas; Orientador CEIP Monte dos Postes; educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnico de Xuventude de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; técnico de Asemblea de Cooperación pola Paz; coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, membros do colectivo "Barriopia". Abórdase de xeito monográfico a organización do Mercadiño *Trócame-Roque*:

- o A coordinadora da Fundación Secretariado Xitano expón os problemas de espazo. Considérase que se debe manter a idea inicial de onde está situado o escenario, para realizar alí as actividades de índole musical e si é preciso, prolongar a colocación dos postos cara os laterais.
- o Tamén se considera necesario solicitar a tarima, para que de xeito complementario se poida usar noutras actividades.
- o A folla de inscrición e o cartaz subiranse á web compostelaintegra ao día seguinte.
- o As traballadoras sociais municipais confirman a participación da Asociación Solfa para inaugurar o mercadiño.
- o Programa:
 - *De 16,30 a 17 horas:* Recepción aos participantes e colocación de postos.
 - *17 horas:* Inauguración do mercadiño a cargo da Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde.
 - *17,05 horas:* Actuación musical da Coral Solfa.
 - *17,15 horas:* Obradoiro de papiroflexia.
 - *17,30 horas:* Comenzará a elaborarse o graffitti conmemorativo deste mercadiño solidario.
 - *17,30 horas:* Obradoiro de Break no escenario principal e, en simultáneo, obradoiro de Beatbox na tarima.
 - *18,30 horas:* Actuación de Break no escenario.
 - *19,15 horas:* Actuación de Beatbox.



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

- Ao longo da tarde:
 - *Obradoiros cun enfoque interxeneracional* implementados dende Cruz Vermella: Manualidades, maquillaxe, xogos tradicionais.
 - Obradoiro de "*Leva a túa chapa personalizada*" implementado pola Asemblea de Cooperación pola Paz. Esta entidades retoma aos participantes do Proxecto Barrios Abertos para proceder á grabación da xornada.
 - *Obradoiro de gorras personalizadas*, actividade a cargo do Programa municipal de prevención (Concellería de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde).
 - *Obradoiro de cociña*; as entidades solicitan a colaboración da Concelleira para esta xestión; asume esta tarefa o técnico municipal de prevención.

✚ **12 de maio de 2016:** Xuntanza de barrio. Asisten: Concelleira de Políticas Sociais diversidade e saúde, traballadora social UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); técnico de prevención da UMAD; orientadora IES Antonio Fraguas; orientador CEIP Monte dos Postes; orientadora do CEIP Fontiñas; educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnico de Xuventude de Cruz Vermella; coordinadora do Centro de Día Arela; técnico de Asemblea de Cooperación pola Paz; coordinadora da Fundación Secretariado Xitano, membros do colectivo "*Barriopia*". Abórdase de xeito monográfico a organización do Mercadiño *Trócame-Roque*:

11:30 – PREPARACIÓN AREA CENTRAL. A cargo de traballadora social da UTS Fontiñas, educadora social do Programa municipal socioeducativo, educadoras sociais do Programa de atención a familias Abeiro, educadora de Cruz Vermella e orientadora do IES Antonio Fraguas.

16:00 – ORGANIZACIÓN XERAL. Funcións xerais: organización do alumnado, identificación do mesmo, revisión dos prezos e produtos, apoio loxístico. Tarefas que serán realizadas por: Técnico municipal de prevención, traballadoras sociais da UTS Fontiñas, educadora do Programa municipal socioeducativo, traballadora social do Centro de Saúde de Fontiñas, orientadores do IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas e CEIP Monte dos Postes e educadoras sociais do Programa de atención a familias Abeiro.



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

17:00 – PRESENTACIÓN. A cargo da Concelleira de Políticas Sociais e do coordinador de Abeiro.

18:30 - DISTRIBUCIÓN DE MERENDAS DOADAS POR AREA CENTRAL. A cargo da traballadora social do Centro de Saúde de Fontiñas, técnicos da Fundación Secretariado Xitano, orientadora do CEIP Fontiñas e do CEIP Monte dos Postes.

19:15 - AVALIACIÓN. A cargo de Educadoras Sociais do Programa Abeiro, Cruz Vermella, Fundación Secretariado Xitano, traballadora social da UTS Fontiñas e Educadora Social do Programa municipal socioeducativo.

19:25 - RECADACIÓN. A cargo de Educadoras Sociais do Programa Abeiro, Cruz Vermella, Fundación Secretariado Xitano, traballadora social da UTS Fontiñas e Educadora Social do Programa municipal socioeducativo.

19:30 - RECOLLER. A cargo de coordinadora de Arela, traballadora social do Centro de Saúde, técnicos de Asemblea de Cooperación póla Paz e técnico municipal de prevención.

20 - CONTABILIDADE. A cargo de traballadora social da UTS Fontiñas, educadora social do Programa municipal socioeducativo, orientadora do IES Antonio Fraguas e educadoras sociais do Programa de atención a familias Abeiro.

- ✚ **18 de maio de 2016:** Rolda de prensa difundindo o IV Mercadiño solidario Trócame-Roque. Asisten: Concelleira de Políticas Sociais, orientadores do IES Antonio Fraguas, CEIP Fontiñas e CEIP Monte dos Postes, coordinador de Cruz Vermella e educadora social do Programa de atención a familias Abeiro.



- ✚ **20 de maio de 2016:** Mercadiño solidario Trócame-Roque.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2016).

O MERCADIÑO EN CIFRAS....

- ✦ **Nº de postos no mercadiño** = 55 (5,8 % de incremento con respecto á edición anterior).
- ✦ **Nº de menores participantes** nos postos do mercadiño = 207 (dos cales o 84,06 % correspondían ao sector da “infancia” -menos de 12 anos- e o 15,94 % á “adolescencia”, “mais de 12 anos”). Incremento de participantes con respecto á edición anterior: 7,8 %.
- ✦ **Nº de actividades de animación** ao redor do mercadiño = 10.
- ✦ **Nº de profesionais e de voluntarios** ao fronte das actividades de animación = 45.
- ✦ **Nº de participantes nas actividades de animación** = 145.
- ✦ **Nº de visitas aproximadas ao mercadiño** = 2000 aprox. (dato facilitado por Area Central).
- ✦ **Recaudación** = 2.119,88 €. Evolución da recaudación:
 - o **Ano 2013** (1ª ed.): 360,43 € (fin solidario: destinado a apoiar a unha familia en situación de exclusión social).
 - o **Ano 2014** (2ª ed.): 604,02 € (destinado a apoiar a familias en situación de precariedade económica, para a adquisición de material en Ensino Infantil).
 - o **Ano 2015** (3ª ed.): 2.002 € (destinado a apoiar a familias en situación de precariedade económica, para a adquisición de material en Ensino Infantil).
 - o **Ano 2016** (4ª ed.): 2.119,88 € (destinado a apoiar a familias en situación de precariedade económica, para a adquisición de material en Ensino Infantil, banco de libros e actividade con dobre fin: comunitario e educativo).

O ACADADO NO MERCADIÑO...

- ✦ **Importante participación.** A convivencia, unha “atmósfera cálida”, a ausencia de conflitos, a diversidade social, a pluralidade.
- ✦ A duración do mercadiño foi superior, dado o “bo ambiente” que reinou durante a xornada.
- ✦ A petición das rapazas e rapaces a repetir a experiencia; as suxestións de mellora.
- ✦ A valoración positiva do vecindario sobre a iniciativa, o proxecto e as actividades de animación.
- ✦ O recoñecemento por parte dos asistentes á organización da actividade, froito do traballo en rede comunitario.
- ✦ O firme apoio do centro comercial Area Central no reforzo das actividades comunitarias.




O MERCADIÑO SOLIDARIO EN IMAXES....



**XUNTANZAS DE BARRIO. ARGALLANDO TODO... NOVAS IDEAS,
NOVOS OBRADOIROS,**



**PRESENTAMOS O PROXECTO EN ROLDA DE PRENSA NO CONCELLO
UNHA REPRESENTACIÓN DE ENTIDADES DO BARRIO
ACOMPANHANDO A CONCHA FERNÁNDEZ, CONCELLEIRA DE
POLÍTICAS SOCIAIS.**





SINTESE DO TRABALHO COMUNITARIO
REALIZADO (2016).





SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2016).

MELLORANDO A ORGANIZACIÓN: EQUIPOS, SECCIÓNS, TAREFAS...





SINTESE DO TRABALHO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).

OS POSTOS DE VENDA E TROCO





SINTESE DO TRABALHO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).





SINTESE DO TRABALHO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).





SINTESE DO TRABALHO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).





SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).





SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).

OBRADOIROS





SINTESE DO TRABALHO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).





SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).





SINTESE DO TRABALHO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).





**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

- ✚ **10 de xuño de 2016:** Xornada de Portas Abertas, organizada pola Fundación Secretariado Xitano.



- ✚ **13 de xuño de 2016:** Xuntanza de barrio. Asisten: Concelleira de Políticas Sociais diversidade e saúde, traballadoras sociais da UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); técnico de prevención da UMAD; orientadora IES Antonio Fraguas; orientadora do CEIP Fontiñas; educadoras do Programa de atención a familias Abeiro; técnico de Xuventude de Cruz Vermella; coordinadora da Fundación Secretariado Xitano. Abórdase os seguintes temas:

- o Avaliación do Proxecto solidario Trócame-Roque, 4ª ed.:
 - Melloras nos tempos, dada a implicación de tódolos compoñentes da xuntanza de barrio e distribución de tarefas.



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

- Mellorar a ubicación con respecto ao mercadiño. Manter o lugar onde se atopa o escenario principal, pero cunha colocación en L.
- Xestión económica:
 - Recaudado no ano 2016: 2.119,88 €.
 - Disponse do ano 2015: 769,00 €
 - Total: 2.888,88 €.
- Fins aos que destinar o proxecto:
 - Material infantil. A propostas da UTS Fontiñas é conceder estas becas a aquelas familias do barrio que non sexan beneficiarias das becas municipais polo mesmo concepto (non duplicar); a educadora social de Abeiro discrepa neste apartado, pois considera que o importe das becas municipais vai ser insuficiente; non se chega a consenso. Dende a UTS si se considera oportuno entregar as becas aos menroes escolarizados no CEIP Monte dos Postes, pois aquí non van poder xustificar con facturas (como se pide nas bases das becas municipais) e non poderán ser beneficiarios do recurso municipal.
 - Dende o IES Antonio Fraguas consideran importante a concesión de becas a menores con adaptación curricular, no caso en que a familia non obteña as becas excepcionais que se conceden por este concepto.
 - Plantexan a posibilidade de becar a menores, cunha intervención socioeducativa, para a participación en excursións.
 - Dende a UTS Fontiñas e o Programa municipal socioeducativo se plantexa realizar unha actividade socioeducativa cun poñente de interese, como pode ser o caso do Xuíz Calatayud. A Concelleira plantexa unha nova modalidade, que é preguntar aos menores (15 rapazas e rapaces ao azar que lles gustaría): tamén plantexa que o poñente sexa alguén do ámbito deportivo, aspecto que é valorado como positivo polas restantes entidades; se indican nomes como: Iván Raña. Verónica Boquete, López Noya, David Cal ou Yolanda Gutiérrez.
 - Dende a UTS Fontiñas consideramos que os cartos da recaudación do Trócame-Roque deben ser utilizados.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2016).

- As entidades quedan en valorar o seu destino final na vindeira xuntanza de barrio, que se fixa para o 28 de setembro. Dende a UTS Fontiñas consideramos que é moi tarde, pero todos consideran que non se pode celebrar antes dados os cambios na dirección de dous centros educativos: CEIP Fontiñas e IES Antonio Fraguas.
 - o A Concelleira de Políticas Sociais fai unha presentación xeral do Programa Proinfancia (convenio entre Fundación La Caixa, Consellería de Política Social e Concello de Santiago de Compostela), que vai estar coordinado por Arela; no mesmo participarán tódalas entidades da rede comunitaria do barrio de As Fontiñas.
- ✚ **18 de xuño de 2016:** Actividade lúdica organizada e implementada polo colectivo Barriopía.



- ✚ **28 de xullo de 2016: Constitución da Mesa Institucional CaixaProinfancia.**
- O 14 de marzo o Concello de Santiago asinaba un convenio de colaboración coa Consellería de Política social da Xunta e a Fundación La Caixa para o



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

desenvolvemento do Programa CaixaProinfancia nesta cidade. Tras un proceso de selección nomeuse á asociación Arela como entidade coordinadora do Programa CaixaProInfancia da Obra Social "La Caixa" en Santiago de Compostela. A reunión de constitución da Mesa institucional mantívose onte, 27 de xullo, no CSC de Fontiñas por ser o barrio onde se desenvolverá o programa. Na composición da mesa institucional hai representación das Consellerías de Educación, Sanidade e Política social; da Universidade de Santiago de Compostela; da Fundación bancaria La Caixa; da Concellería de Educación e Cidadanía, da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde e da Asociación Arela.



✚ **28 de setembro de 2016:** Asistentes: Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde; traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); orientadora IES Antonio Fraguas; Orientadora CEIP Fontiñas; Orientador CEIP Monte dos Postes, educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnico de Xuventude de Cruz Vermella; coordinadora e técnica do Centro de Día Arela; técnica de Asemblea de Cooperación pola Paz; coordinadora e técnico da Fundación Secretariado Xitano. Abórdase as seguintes cuestións:

1º.- Establecer o **procedemento e a metodoloxía para a entrega de becas vinculadas ao proxecto do IV mercadiño solidario Trócame-Roque**. Presentación por parte da traballadora social municipal dun resumo do recadado no *IV mercadiño solidario Trócame-Roque*, así como dos posibles criterios económicos a seguir de cara a aplicación das bolsas. Propón manter



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

a coherencia coa normativa municipal (Compostela Mais). Os presentes acordan seguir o modelo proposto. Identifícanse dende os servizos sociais comunitarios **17** casos de menores escolarizados en educación infantil como destinatarios destas bolsas. Tamén se identifica o caso dun menor (que cursa bacharelato) que, dado a excepcionalidade da súa situación sociopersoal, se plantexa como candidato a ser beneficiario desta axuda. Acórdase polos presentes aceptar a súa inclusión nestas bolsas. Determínase o importe das becas da seguinte forma:

- Monte dos Postes: bolsa de 40€/ menor
- Outros centros educativos: 70 €/menor
- Caso menor Bacharelato por determinar importe(os libros concederanse en réxime de cesión quedando a disposición do centro educativo).

As diferentes entidades presentan a súa proposta de posibles beneficiarios: Cruz Vermella (3 menores), Abeiro (propón 4 menores), CEIP Fontiñas (2 casos) e Monte dos Postes (propón 3 menores). Cruz Vermella realizara as xestións oportunas coa librería Palacios e elaborará os vales. Acórdase que as familias que deban entregar o importe no centro educativo deberán presentar xustificante (recibo de entrega).

Establécese o mércores día 5 de outubro as 12:00 horas no CSC de Fontiñas como data de entregaran de vales. Serán entregados por: Lola do IES Antonio Fraguas, Zoraida de Cruz Vermella e Alicia do centro Abeiro. Cada entidade convocará as familias derivadas.

Propónse a inversión do importe económico sobranse nunha proxecto comunitario. Exponse a situación de social e de vivenda dunha familia que participa dos servizos sociais comunitarios que se define de total necesidade. O director do CEIP Monte dos Postes establece contacto con Leroy Merlyn e a concelleira queda en establecer estes mesmo contacto a nivel político. Informarán das accións realizadas coa finalidade de dotar de equipamento a vivenda. Cruz Vermella informa das axudas para a reparación de baños e ventás que realizan dende o Leroy Merlyn.

2º.-Presentación do programa PROINFANCIA.



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

A directora do centro de Día Arela, realiza a presentación do programa PROINFANCIA, proxecto que asina a Xunta de Galicia coa Obra Social "La Caixa" e no que participan 7 concellos de Galicia e entre eles Santiago de Compostela. Ubicado no barrio de Fontiñas e está destinado a 50 unidades familiares con menores a cargo entre 0 e 18 anos de idade en situación de pobreza e exclusión social. Pretende una atención integral a través dun modelo de intervención en rede e traballo coordinado con todo os axentes sociais do territorio. Carteira de servizos:

- reforzo educativo
- educación non formal e tempo libre
- apoio educativo familiar
- atención psicoterapéutica persoal e familias
- promoción da saúde

Esta carteira de servizos será implementada co resto de axentes sociais: Fundación Secretariado Xitano, IGAXES, Abeiro, Arela e Don Bosco. Na mesa participan os seguintes recursos:

- Centros educativos (orientadores): IES Antonio Fraguas, CEIP Monte dos Postes, CEIP Fontiñas
- Servizos sociais comunitarios
- Centro de saúde de Fontiñas.
- Arela.
- Universidade de Santiago de Compostela.
- Departamento municipal de Educación (só asistiu a unha xuntanza técnica).

A próxima xuntanza está orientada a delimitar os criterios técnicos a seguir, sobre todo no referido á delimitación territorial (vinculación co mapa educativo e de saúde).

3º.- Nova **programación** para o vindeiro trimestre. Análise de propostas.

A orientadora do IES Antonio Fraguas expón que por mor da súa situación persoal e laboral o seu grao de implicación na asunción de responsabilidades e dirección de iniciativas comunitarias ía a ser menor, convidando aos presentes a asumir un papel máis activo de dirección de proxectos.

Por outra banda, a traballadora social municipal expón a gran sobrecarga laboral que está a asumir actualmente, así como a gran dedicación de horas (a maiores do traballo ordinario) que implicaron a posta en marcha de proxecto



anteriores, convidando aos presentes a asumir un papel mais activo de dirección de proxectos.

A Fundación Secretariado Xitano plantexa que, dado que hai que por en marcha o programa PROINFANCIA, non realizar actuacións comunitarias neste trimestre do ano, así como a reflexión de realizar proxectos menos ambiciosos e mais pequenos.

Abeiro expón que, por mor do seu horario laboral, o seu grao de adicación en tempos é moi limitado. Recoñece o peso levado a cabo nos últimos anos dende os Servizos Sociais Comunitarios e dende o IES Antonio Fraguas.

ACPP expón que o seu horario laboral é moi amplo, considerando que non poden adicar mais esforzos a proxectos comunitarios.

Arela expón o traballo que está a asumir e o gran esforzo que está a ser por en marcha o programa PROINFANCIA, que limitan a súa dedicación as accións comunitarias.

A educadora social municipal expón a carga laboral que está tendo pero que, se todos colaboramos e coa "tutelaxe" da traballadora social municipal e da orientadora do IES Antonio Fraguas, se poden sacar accións conxuntas. Non hai resposta a esta proposta.

Dado o exposto acórdase adicar un monográfico ás accións comunitarias na próxima xuntanza do día 17/10/2016 no CSC de Fontiñas

4º.- Presentación da nova programación da Fundación Secretariado Xitano.

A coordinadora desta entidade informa do programa "CALI, pola igualdade das mulleres xitanas", financiado con fondos europeos. Aborda dous tipos de cuestións:

- o o traballo directo coas mulleres.
- o o traballo transversal na defensa do dereitos/ discriminación,.... que levaran a a cabo a través de diferentes accións. Non concretan mais información.

5º.- Outras cuestións que sexan necesarias abordar dende o contorno comunitario. Nada que reseñar neste punto.

✚ 5 de outubro de 2016: Xuntanza Proxecto Proinfancia. Asisten:

- Carlos Fernández, da Obra Social "la Caixa".



- Margarita Vázquez Teo, en representación dos Servizos Sociais Comunitarios de Concello de Santiago de Compostela.
- Beatriz Varela Morales, en representación do Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela.
- M^a Alcira Baleato Negreira en representación da Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
- M^a Dolores Sanz Lobo, en representación do Departamento de Orientación do IES "Antonio Fraguas".
- Fernando Vieito Liñares, en representación do Departamento de Orientación do Ceip Plurilingüe " Monte dos Postes".
- Eva Ramos Martínez e Alicia Castelo Vieites en representación do Programa de Apoio a Familias Monoparentais e en especial protección "Abeiro" (Cáritas)
- Rita Gradaílle Pernas, en representación do Grupo de Investigación en " Pedagogía Social e Educación Ambiental" (SEPA – Interea) da Universidade de Santiago de Compostela.
- Mayte Celeiro Mallo, coordinadora do área de protección de Arela e coordinadora do programa Proinfancia para esta entidade.
- M^a dos Milagres Budiño Gasamáns, en representación da Asociación Arela, entidade coordinadora do programa Proinfancia en Santiago de Compostela.

Cuestións abordadas:

1. Presentación dos participantes na Mesa Técnica

Dende Arela dá a benvida, pasando a facer as presentacións por parte de cada persona membro da Mesa técnica. Agás Carlos Fernández, Rita Gradaílle e Beatriz Varela o resto de compoñentes da Mesa Técnica coñécense por formar parte da Rede do Barrio de Fontiñas. Posteriormente, a presentación do Programa Caixa Proinfancia faina Carlos Fernández, quen acompaña nesta primeira reunión da Mesa Técnica. A continuación Mila Budiño indica, tras consulta de varias personas, que o Ceip Fontiñas non está hoxe na Mesa técnica porque, pese a ter feito os contactos iniciais coa directora e orientadora do centro educativo está pendente de poder ter unha reunión oficial co centro escolar para valorar a participación na Mesa técnica. Dolores Sanz comenta que a súa participación na Mesa técnica está supeditada á que lle chegue a designación da Consellería de Educación pese a ter autorización para participar na primeira reunión tras a reunión de Presentación do Programa Proinfancia mantida no seu centro educativo.



2. Obxectivos e funcións da Mesa Técnica

Antes de comezar a presentar os obxectivos e funcións da Mesa Técnica, Mila Budiño, seguindo un power point que se reparte impreso a cada unha das persoas participantes (axúntase a esta acta) presenta o obxectivo global do Caixa Proinfancia. Posteriormente faise un breve repaso cronolóxico da situación do CaixaProinfancia na cidade e preséntase os obxectivos, funcións e estrutura da Mesa Técnica.

Mila Budiño indica que hai unha diferenza entre esta rede do Caixa Proinfancia e outras que se están a crear noutras cidades galegas nas que non hai unha rede estable no territorio, polo que aporta elementos moi positivos pero que poden xurdir diferenzas ó querer manter dinámicas establecidas nesa rede que non son compatibles co Programa CaixaProinfancia que ten dinámicas propias que hai que incorporar á Mesa Técnica de Compostela.

3. Requisitos das familias participantes en Caixa Proinfancia

Infórmase que o Programa Caixa Proinfancia marca como requisitos fundamentais que as familias estean por debaixo do IPREM, que teñan fillos entre os 0-18 anos e que o territorio estea delimitado nunha zona concreta. Partindo destes requisitos cada Mesa Técnica debe concretar e definir os criterios para cada territorio, tendo en conta a indiosincrasia propia e coa finalidade de levar a cabo unha boa selección das familias. Infórmase que unha vez estean marcados non se poderán modificar.

Mila informa que inicialmente a zona seleccionada polo Concello de Santiago de Compostela era Fontiñas e Vite. Asemade, tras as primeiras reunións entre La Caixa e o Concello entendérase que todas as familias tiñan que ser seleccionadas por parte de Servizos Sociais polo que xa teñen identificadas a un grupo de 30 familias. Na actualidade está clarificada que a zona de Vite non forma parte da zona de Proinfancia ó que Margarita Vázquez di que ela sigue entendendo, pois non lle dixeron o contrario, que a zona de Vite forma parte do Proinfancia e tamén indica que de ser solamente "barrio de Fontiñas" non habería suficientes familias e que deberá informar. Ante estas intervencións xurde un debate á hora de definir a territorialidade, tendo en conta ademáis, que as zonas de actuación de Servizos Sociais, Sanidade e Educación son diferentes.



Durante o debate tamén se plantexan se é conveniente ter zonas prioritarias de actuacións aínda que se poda chegar a abarcar un espazo maior, se hai criterios que sexan máis determinantes que outros á hora de seleccionar unha familia... Tamén se plantexa se pode ser unha familia Proinfancia que non viva no territorio seleccionado pero que acuda ós recursos desa zona. Carlos Fernández matiza que dende o programa Caixa Proinfancia atenderanse ás familias que vivan na zona seleccionada, non a persoas que acudan ós recursos desa zona. A limitación ven dada polo propio número de familias (50 familias) e tamén porque, pola propia experiencia contrastada do Programa, facilita asignar unha territorialidade específica (achegamento dos Servizos ás familias e os nenos, nenas e adolescentes), mellorar a situación dun barrio/zona que teña un índice maior de pobreza,...

Durante o debate da territorialidade relacionado conclúese que é necesario matizar e concretar a territorialidade na seguinte reunión, ademáis de seguir avanzando nos puntos que non puideron ser tratados no día de hoxe da orde do día. Para isto, tódolos presentes reclaman a presenza da traballadora social municipal.

4. Modelo de informe para as derivacións

Preséntase un borrador do Modelo de Informe para facer as derivacións estando todos dacordo coa proposta inicial (axúntase a Acta) pero por falta de tempo non se pode tratar o tema. Aínda que sí se indica que tódalas persoas participantes na Mesa Técnica poden derivar familias susceptibles do Programa e se decidirá na Mesa se finalmente se incorporan ó mesmo.

5. Sinatura do documento de confidencialidade

Preséntase o modelo do documento de confidencialidade que terán que asinar tódalas familias para que se poida expor a súa situación na Mesa Técnica. Neste documento aparecerán tódolos nomes das persoas que participan na Mesa Técnica.

Clarifícase que este documento teñen que asinalo as familias antes de ser derivadas e presentadas na Mesa Técnica, non soamente se entran a formar parte do Programa. Fanse algunhas correccións ó documento que deberán ser incorporadas ó borrador.

6. Periodicidade da Mesa e día da seguinte reunión.



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

Non se sinala unha periodicidade concreta da Mesa nin se establece un día fixo, aínda que se informa que nesta fase a Mesa Técnica ten necesidade de reunións moi seguidas. Establécense os luns e mércores como os días da semana onde hai menos dificultades por parte das personas que forman parte da Mesa. Dolores Sanz lembra que poderá acudir á seguinte reunión que se marque por entender que a orde do día non se pudo concluir nesta sesión.

- ✚ **5 de outubro de 2016:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:
- o CaixaProinfancia: Obra Social "la Caixa" e Asociación ARELA
 - o Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas e Unidade Atención Familiar
 - o Concellería de Educación e Cidadanía. Técnica/o do Departamento de Educación. Convocada pero non asiste.
 - o Departamentos de Orientación do IES Antonio Fraguas, do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do Ceip Fontiñas.
 - o Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas
 - o Asociación Abeiro, entidade social
 - o Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de Investigación en "Pedagogía Social e Educación Ambiental" (SEPA-interea)

Cuestións abordadas:

1. Aprobación da acta anterior.
2. Aprobación dos documento traballados na sesión anterior: Modelo informe derivación e Documento ampliado de recollida de Indicadores do grado de vulnerabilidade.
3. Sinatura do documento de confidencialidade por parte da Mesa técnica.
4. Delimitación territorial do programa: ámbito territorial e social do Punto de Atención de Servizos Sociais de Fontiñas.
5. Criterios económicos: análise realizado pola traballadora social municipal, pólo miúdo, dos criterios de renda propostos pola Fundación da Caixa. Non hai problemas.

- ✚ **17 de outubro de 2016:** Asistentes: traballadoras sociais UTS Fontiñas (Servizos sociais comunitarios); educadora social do Programa municipal Socioeducativo (Servizos sociais comunitarios); orientadora IES Antonio Fraguas; Orientadora CEIP Fontiñas; Orientador CEIP Monte dos Postes, educadoras do Programa de atención a Familia Abeiro; técnico de Xuventude de Cruz Vermella;



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

coordinadora e técnica do Centro de Día Arela; técnica de Asemblea de Cooperación pola Paz; coordinadora e técnico da Fundación Secretariado Xitano; psicólogo do Programa municipal de prevención. Abórdase as seguintes cuestións:

- o Mercadiño Trócame-Roque: coméntase a boa aceptación das familias dos vales entregados, valorados moi positivamente ante a demora da resolución das becas municipais. Dende Abeiro preguntan o motivo disto, descoñecendo os técnicos municipais as causas e non podendo acudir a esta xuntanza a Concelleira de Política Social.
- o A orientadora do IES Antonio Fraguas plantexa unha nova edición do Proxecto "A nosa vida..., en positivo?". Indica que varios pais de alumnos manifestaron a súa preocupación por un repunte no inicio de condutas adictivas en adolescentes (principalmente en 3º da ESO) nas inmediacións do centro; está previsto que isto o comuniquen á policía local, pero considera positivo realizar unha acción formativa, cun enfoque preventivo. Abórdase o modo de organización:
 - Dende o enfoque legal, si ben se considera idóneo ao Fiscal de Pontevedra (que xa participara en anteriores edicións), como non foi posible contar coa súa presenza no ano anterior por cuestións laborais, lle indicou a pais que teñen formación e experiencia laboral nesta materia, a que fagan unha proposta de ponente. Pendiente de resposta. Esta acción formativa estaría dirixida a alumnado de 3º da ESO.
 - Considérase oportuno voltar a contar coa presenza do programa levado a cabo polos centros penitenciarios. Queda en facilitar o contacto cos mesmos a coordinadora da Fundación Secretariado Xitano.
- o Dende os centros educativos de Primaria consideran de interese a realización de proxectos co seu alumnado, vinculado a actividades deportivas. Nembargantes, o director e orientador do CEIP Monte dos Postes indica que él xa o está levando a cabo no seu centro.
- o Varias entidades reiteran a necesidade de realizar actividades para os maiores do barrio. Dende Servizos Sociais Comunitarios e dende o Centro de Saúde se sinala que a poboación pertencente a este colectivo de idade que nos está chegando, presenta xa un deterioro físico e psíquico importante. Por tal motivo, consideran oportuno convidar á vindeira xuntanza a Cáritas Parroquial de Fontiñas e a Cruz Vermella (programa de maiores).



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

✚ **14 de novembro de 2016:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:

- o Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas. Non asiste a educadora social do Programa municipal Socioeducativo.
- o Concellería de Educación e Cidadanía. Técnica/o do Departamento de Educación. Convocada pero non asiste.
- o Departamentos de Orientación do IES Antonio Fraguas, do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do Ceip Fontiñas.
- o Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
- o Asociación Abeiro, entidade social.
- o Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de Investigación en "Pedagogía Social e Educación Ambiental" (SEPA-interea).

Cuestións abordadas:

1. Aprobación da acta anterior.
2. Información sobre as entidades prestadoras da Carteira de servizos.
3. Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia.
4. Data e hora da seguinte reunión.

✚ **21 de novembro de 2016:** Xuntanza de barrio. Acoden: traballadoras sociais da UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios), educadora social do programa municipal socioeducativo (Servizos Sociais Comunitarios), director do CEIP Monte dos Postes, xefa de estudos e orientadora do CEIP Fontiñas, orientadora do IES Antonio Fraguas, técnico de Asemblea de Cooperación pola Paz, educadora social do Programa de atención a familias Abeiro, Cáritas Parroquial de As Fontiñas, traballadora social do Centro de Saúde de Fontiñas, traballadora social do programa de maiores de Cruz Vermella, técnico da Fundación Secretariado Xitano e, como nova incorporación, psicóloga e educadora social da Asociación TP Galicia (que manifesta o seu interese de incorporarse ás xuntanzas de barrio). Abórdanse as seguintes cuestións:

- o O Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas presenta á Asociación TP. Están ubicadas físicamente en CABES e facilitan como teléfono de contacto 699-258993. Nestes intreos, como persoal técnico contan con: dúas psicólogas (acode á xuntanza Vanessa) e dúas



**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

educadoras sociais (acode á xuntanza Inés). Ofrecen a posibilidade de realizar unha charla informativa ao profesorado do IES Antonio Fraguas e abren a posibilidades que outros técnicos do barrio se incorporen á mesma. Manifestan o interese tódolos centros educativos e tódalas entidades sociais presentes na xuntanza. Posibilidade de planificala para a segunda quincena de xaneiro; duración estimada: 2 horas e media.

- o Mercadiño-solidario Trócame-Roque. Informan que dende o IES Antonio Fraguas solventaron, por si mesmos, material de alumnado de Bacharelato, sendo só preciso mercar un diccionario. Si se mercou un lote de libros de lectura (coste aproximado 382 €), que quedarán en biblioteca, coa anotación que foron donados dende a rede comunitaria. A técnico de Xuventude de Cruz Vermella non puido acudir á xuntanza, pero traslada por whats upp que restan 1390 € do mercadiño solidario. Dende diferentes entidades verbalizan a satisfacción das familias polos vales entregados, podendo solventar a tempo o material que precisaban os seus fillos para a escolarización e dada a demora na resolución das becas municipais. Dende varios centros educativos (CEIP Fontiñas e Monte dos Postes) e entidades sociais (Abeiro), preguntan cales son os motivos polos cales non están resoltas as becas municipais, dado que é a primeira vez que se retrasan tanto; a educadora social municipal fai alusión á amplitude de cobertura que se pretendeu realizar este ano, ao que as demais entidades responden que ese foi o desexo, pero que non se vai concretar na realidade, dado que xa está rematando o primeiro trimestre. A educadora social municipal queda en trasladar estes feitos a quen corresponda. A traballadora social municipal disculpa a non asistencia da Concelleira de Políticas Sociais por cuestións de axenda.

- o Persoas maiores:
 - A traballadora social municipal comunica que as persoas maiores que están sendo atendidas dende os Servizos Sociais presentan problemas de saúde importantes e, mesmo, situacións de dependencia. A mesma información é trasladada pola traballadora social do centro de saúde de Fontiñas.
 - Cruz Vermella verbaliza que les si teñen como usuarios a persoas maiores cun nivel óptimo de autonomía; estiman ao redor de 100 persoas. Dende a UTS se lle pregunta si pertencen ao barrio de Fontiñas e indican que non, que son compartidos coa zona de San



Pedro; queda en facilitar o dato depurado cando realicen a memoria do ano 2016.



- Cruz Vermella presenta o programa “Avós, coidadores”. Trátase de sesións grupais que abordan cuestións de relacións interxeneracionais e as novas tecnoloxías. Son grupos de 8 persoas, maiores de 60 anos. Os usuarios senten como gratificante o coidado que prestan aos seus netos, pero ao mesmo tempo, recoñecen saturación.
 - Cruz Vermella indica que tamén están levando a cabo un programa de saúde, relacionado coa toma de biomedidas e que o implementa unha enfermera xubilada.
 - Cáritas Parroquial fala do proxecto de voluntariado, indicando que os que xa son usuarios presentan un nivel de satisfacción óptimo, pero para acceder a novos casos, hai problemas de aceptación. Sinalan que, en liñas xerais, as persoas maiores demandan mais o servizo municipal de axuda no fogar; dende a UTS se lle indica que para os usuarios é importante a entidade que respalda o servizo e que tamén realizan un abano diverso de prestacións.
 - Tódalas entidades alí presentes demandan a Cruz Vermella e a Cáritas Parroquial un folleto actualizado de actividades. O Director do CEIP Monte dos Postes demanda ao concello crear unha app, onde se recollan as actividades de tódalas entidades do municipio; isto mesmo e ratificado dende a Asemblea de Cooperación pola Paz. Dende a UTS se lle recorda a todos que esta información podería estar incorporada na web compostelaintegra e que se non está, é porque os diferentes técnicos das entidades non a suben. Os demais recoñecen este feito.
- o A nosa vida..., en positivo?: A orientadora do IES Antonio Fraguas comenta que varios pais e nais trasladaron a súa preocupación polo repunte nas condutas aditivas. Eles mesmos plantexaron e organizaron a actividade, que terá lugar o vindeiro 13 de decembro, de 17 a 18,45 horas, no IES Antonio Fraguas. Irá dirixida a alumnado de 3º da ESO (aproximadamente 100 alumnas e alumnos); posibilidade de que asistan técnicos do barrio. Estará estruturada do seguinte xeito:
- Psiquiatra do Hospital Clínico de Santiago de Compostela: Dona Cecilia Blanco. Ponencia: “deterioro cognitivo provocado polo consumo de sustancias”.



SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO REALIZADO (ANO 2016).

- Maxistrada do Xulgado de Instrución de Santiago de Compostela: Dona Ana López Suevos. Ponencia: "deterioro cognitivo provocado polo consumo de sustancias". A actividade implementada con reclusos do centro penitenciario de Teixeiro iría dirixida a 4º da ESO e organizaríase para o mes de xaneiro.
- o Queda pendiente para os centros de Primaria, valorar se desexan realizar actividade conxunta con temas deportivos. Sae como posible persoa "Juan Raña". Pdte de valoración.
- o A Asemblea de Cooperación pola Paz vai implementar as actividades municipais co motivo de conmemorar o Día Internacional dos Dereitos dos Nenos.
- o Próxima xuntanza: 16 de xaneiro de 2017, ás 9.30 horas. Temas a tratar:
 - Folleto actividades persoas maiores: Cruz Vermella e Cáritas Parroquial.
 - Valorar posible acto con persoas maiores. Plantexa posibilidade de stands en Área Central, amosando actividades que se levan a cabo e difundindo as mesmas.
 - Consulta da orientadora do IES Antonio Fraguas co proxecto Stelae da Univ sobre colaboración co proxecto deportivo. A mesma consulta a vai realizar o técnico da Fundación Secretariado Xitano co psicólogo do programa de prevención da UMAP.

✚ **23 de novembro de 2016:** Participación da traballadora social do Centro de Saúde de Fontiñas e da traballadora social da UTS Fontiñas na acción formativa de **II Xornadas de Traballo Social e Saúde**, organizadas polo SERGAS e polo Colexio Oficial de Traballadores Sociais de Galicia. Participantes na xornada: 140 persoas.





**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**

✚ **12 de decembro de 2016:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:


- o Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas.
- o Departamentos de Orientación do IES Antonio Fraguas, do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do Ceip Fontiñas.
- o Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
- o Asociación Abeiro, entidade social.
- o Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de Investigación en "Pedagogía Social e Educación Ambiental" (SEPA-interea).

Cuestións abordadas:

- o Información sobre a formación "*Juntos Podemos*".
- o Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia, seguindo a orde proposta na reunión anterior.


✚ **13 de decembro de 2016:** Actividade do Proxecto A nosa vida..., en positivo 4ª ed. Participación de alumnado de 3º da ESO do IES Antonio Fraguas. Actividades:

- **Charla Informativa a cargo de Dona CECILIA LOPEZ BLANCO** (psiquiatra do Hospital Clínico de Santiago de Compostela): **problemática sociosanitaria derivada do consumo de estupefacientes.**
- **Charla informativa a cargo de Dona ANA LOPEZ-SUEVOS** (maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago de Compostela): **problemática legal derivada do consumo de estupefacientes.**





**SINTESE DO TRABALLO COMUNITARIO
REALIZADO (ANO 2016).**



✚ **19 de decembro de 2016:** Xuntanza Proxecto Proinfancia. Entidades que asisten:

- o Concellería de Políticas Sociais: UTS de Fontiñas.
- o Departamentos de Orientación do IES Antonio Fraguas, do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do Ceip Fontiñas.
- o Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde de Fontiñas.
- o Asociación Abeiro, entidade social.
- o Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de Investigación en "*Pedagogía Social e Educación Ambiental*" (SEPA-interea).

Cuestións abordadas:

- o Presentación de familias susceptibles de participar no Proinfancia, seguindo a orde proposta na reunión anterior.
- o Data e hora da seguinte reunión.